

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS COAS CORTES E IGUALDADE

5087 *Real decreto 241/2019, do 5 de abril, polo que se modifica o Real decreto 988/2015, do 30 de outubro, polo que se regula o réxime xurídico da obriga de financiamento anticipado de determinadas obras audiovisuais europeas.*

A promoción da diversidade cultural e lingüística é un obxectivo prioritario da Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual. O seu artigo 5, dedicado ao dereito á diversidade cultural e lingüística, establece no seu punto terceiro a obriga dos prestadores de servizos de comunicación audiovisual de contribuíren anualmente a financiar anticipadamente a produción europea de películas cinematográficas, películas e series para televisión, así como documentais e películas e series de animación, co cinco por cento dos ingresos devindicados no exercicio anterior conforme a súa conta de explotación, correspondentes ás canles en que emiten estes produtos audiovisuais cunha antigüidade menor a sete anos desde a súa data de produción.

O Real decreto 988/2015, do 30 de outubro, polo que se regula o réxime xurídico da obriga de financiamento anticipado de determinadas obras audiovisuais europeas, acometeu o desenvolvemento do citado precepto legal, ao abeiro do título competencial 149.1. 27.^a da Constitución, que é o mesmo que serve a este real decreto de modificación. O obxectivo declarado daquela norma regulamentaria foi dar seguridade xurídica ao cumprimento da obriga, así como incluír mecanismos de flexibilidade no cumprimento da obriga de financiamento para que os prestadores de servizos de comunicación audiovisual puidesen desenvolver a súa actividade e explotar todo o seu potencial da mellor forma posible.

Transcorridos varios exercicios desde a entrada en vigor da norma regulamentaria de desenvolvemento citada, constatouse que os mecanismos de flexibilización previstos teñen unha aplicación limitada no caso de prestadores cun baixo nivel de ingresos no mercado audiovisual español, cuxa capacidade de contribuír ao financiamento de proxectos audiovisuais resulta notablemente limitada.

En efecto, os prestadores de servizos de comunicación audiovisual de menor tamaño rexistran cifras de ingresos que, con carácter xeral, non lles permiten contribuír ao financiamento de proxectos audiovisuais sen comprometer gravemente a súa viabilidade financeira.

Mediante o artigo único modifícase o artigo 10.4 do Real decreto 988/2015, do 30 de outubro, que versa sobre o cómputo da compra de dereitos de explotación de obras audiovisuais como forma de dar cumprimento á obriga de contribuír financeiramente á produción de obra audiovisual europea. En concreto, o punto 4 vixente permite, de maneira excepcional, contabilizar como cumprimento a compra de dereitos de obra terminada baixo certas condicións. A modificación proposta permitirá a empresas con baixos ingresos no mercado audiovisual realizar todo o investimento a través da adquisición de dereitos de obra audiovisual finalizada.

Considérase que esta modificación respecta os principios de boa regulación, pois resulta necesaria e eficaz para lles facilitar aos prestadores o cumprimento da obriga de promoción de obra europea de forma que poidan seguir prestando os seus servizos nun mercado altamente internacionalizado e competitivo.

A mellora técnica en cuestión é tamén acorde co principio de proporcionalidade xa que non exime os prestadores con menores ingresos da obriga, pero si lles permite cumprir coa dita obriga dunha forma máis asumible.

Así mesmo, a modificación respecta o principio de seguridade xurídica e coherencia co resto do ordenamento xurídico, en particular, coas previsións e recomendacións existentes

no dereito europeo, que promoven que ao establecer obrigas regulatorias debe terse en conta en todo caso o tamaño das empresas sobre as cales recaen tales obrigas.

Finalmente, é unha medida que respecta plenamente o principio de transparencia por canto se realizou despois dun procedemento de consulta e trámite de audiencia en que participou a gran maioría de axentes no sector.

O presente real decreto consta dun único artigo de modificación e dunha disposición derradeira única.

En canto á súa tramitación, conta co informe da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, en virtude do establecido no artigo 5.2 da Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Economía e Empresa e do ministro de Cultura e Deporte, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 5 de abril de 2019,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 988/2015, do 30 de outubro, polo que se regula o réxime xurídico da obriga de financiamento anticipado de determinadas obras audiovisuais europeas.*

A alínea a) do artigo 10.4 do Real decreto 988/2015, do 30 de outubro, polo que se regula o réxime xurídico da obriga de financiamento anticipado de determinadas obras audiovisuais europeas, queda redactada nos seguintes termos:

«a) Que non se supere o 0,3% do total da obriga de financiamento de obra europea do prestador, salvo no caso dos prestadores cuxa cifra de ingresos computables sexa inferior a oito millóns de euros, que poderán cumprir o total da súa obriga só coa compra de dereitos de explotación de obra xa terminada.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 5 de abril de 2019.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,
Relacións coas Cortes e Igualdade,
CARMEN CALVO POYATO